

Concello de A Laracha

EXPEDIENTE: Catálogo de estradas da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.
CLAVE: GA/19/096.09.1
ASUNTO: Información pública

Achégase o presente oficio para informarlles que se someterá a información pública, durante o prazo **de trinta (30) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, o Catálogo de estradas da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, de clave: GA/19/096.09.1.

O documento sometido a información pública atópase para á súa consulta na seguinte páxina web:

https://infraestructurasemobilidadexunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestructuras?content=Direccion_Xeral_Infraestructuras/Informacion_publica/seccion.html&ui=Direccion_Xeral_Infraestructuras/Dinamico/Expediente_Infraestructura/listado_expedienteInfraestructura_central.html

A publicación no Diario Oficial de Galicia está prevista para o 1 de marzo de 2021, e durante o período de información pública (*30 días hábiles desde o día seguinte á publicación no DOG*) o documento deberá estar exposto ao público nese Concello, para que sexa examinado polas persoas físicas ou xurídicas que o desexen, co obxecto de formularen as correspondentes alegacións ou suxestións que estimen oportunas.

Por outra banda, e na súa calidade de administración territorial afectada, ese Concello debe tamén examinar o referido Catálogo sometido a información pública, e informar sobre o mesmo. Transcorrido o período de información pública sen que emita informe, entenderase a súa conformidade co mesmo.

Finalmente, rematado o período de información pública, **solicítolle** a remisión do **certificado** comprensivo de que o Catálogo estivo sometido a **exposición pública** durante o prazo establecido, **facendo constar se houbo ou non alegacións** e xuntando estas en caso afirmativo.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Asinado dixitalmente:

Francisco Menéndez Iglesias

Director da Axencia Galega de Infraestructuras

